



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN.

1.1. OBXECTO: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a provisión de persoal laboral temporal no Concello de Ribas de Sil dun posto de **PEÓN DE PROTECCIÓN CIVIL**.

A convocatoria realízase ao abeiro do Programa Depuemprego incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 da Excma. Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 074 do 30 de marzo de 2017), vista a necesidade deste concello de contratar persoal en réxime laboral temporal para facer fronte ás necesidades dos servizos municipais.

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

Tipo de contrato: O contrato laboral que se formalizará coa persoa seleccionada será a xornada completa, de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado.

Duración do contrato: desde a data de finalización do proceso selectivo e formalización do contrato, que se realizará coa maior celeridade posible, ata o 30 de xuño de 2018.

Retribución: As retribucións do posto que se oferta axustarase ás contías establecidas na Planteilla de Persoal do Concello de Ribas de Sil.

Cometido da praza: O peón de protección civil realizará traballos relacionados con misións propias de protección civil.

Sistema de provisión: Concurso de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

1.2. NORMAS DE APLICACIÓN: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

2.1.- REQUISITOS XERAIS

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

2.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS

- a) Titulación requirida: graduado escolar ou equivalente, ademais terá que ter realizado o curso básico de protección civil.
- b) Carne de conducir C.

3.- PUBLICIDADE.

Segundo as disposicións reguladoras do Programa Depuemprego, antes de comezar o proceso selectivo, o concello enviará estas bases á Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa publicación durante o prazo de 10 días.

Transcorrido este prazo, o concello:

- 1.- Presentará oferta xenérica á Oficina de Emprego de Monforte de Lemos.
- 2.- As bases serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.concelloribasdesil.es), durante o prazo de 5 días hábiles, aos efectos de que os interesados en participar no proceso selectivo poidan presentar instancia.

4.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes axustaranse ao modelo que figura como Anexo I deberán acompañarse da seguinte **documentación orixinal ou copia compulsada**:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Relación de méritos que alega (Anexo II).
- c) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público (Anexo III).

- d) Copia compulsada de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento de presentación da instancia.

5.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

6.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

a) Valoración de méritos.

Polo tribunal cualificador examínase toda a documentación aportada pol@s aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas. A puntuación máxima desta fase non excederá de **10 puntos**.

1.- **Experiencia profesional** debidamente acreditada no mesmo posto ou superior o que aspira: 0,15 puntos/mes ata un **máximo de 6 puntos**.

Acreditase a experiencia profesional mediante certificado de empresa ou copia compulsada do/s contrato/s e informe de vida laboral.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2.- Formación:

Estar en posesión doutros cursos relacionados co posto de traballo e cas competencias propias do Concello nos termos do Convenio asinado e do artigo 25 da LBRL, en todo casos, impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de **4 puntos** segundo o baremo seguinte:

- o Por cada curso de duración de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 pts/curso
- o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 pts/curso
- o Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 pts/curso
- o Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 pts/curso

Non se valorarán os cursos ou xornadas de duración inferior a 20 horas.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez, valorándose o de maior duración.



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresen con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

b) Entrevista.

A entrevista persoal versará sobre o recoñecemento das actitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **3 puntos** e realizarase o vindeiro día **22 de febreiro de 2018 a partir das 11:00h** na Casa Consistorial.

7.- RESOLUCIÓN.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, propoñendo a proposta de nomeamento ao candidat@ que obtivera a maior puntuación, quedando os/as demais en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo presidente da corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador.

O/a aspirante seleccionado/a e no prazo de tres días desde a súa proposta de nomeamento, deberán presentar un **certificado médico oficial** que acredite que reúne a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais do posto convocado.

8.- IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribas de Sil, 26 de xaneiro de 2018.

O Alcalde,

Asdo.- Miguel Ángel Sotuela Vega

**ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO
PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL
DUN (1) POSTO DE PEÓN DE PROTECCIÓN CIVIL
NO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, EN RÉXIME DE LABORAL TEMPORAL**

D/D^a..... provisto/a de D.N.I.
nº..... con enderezo na R/..... nº.....
piso..... C.Postal Localidade
Municipio Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Ribas de Sil para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de **1 PEÓN DE PROTECCIÓN CIVIL**

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que autorizo ó Concello de Ribas de Sil para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime.

TERCEIRO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

....., de.....de 2018

Asdo.-:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL

This image shows a full page of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a..... provisto/a de D.N.I.
nº..... con enderezo na R/..... nº.....
piso..... C.Postal Localidade
Municipio Provincia..... Teléfono.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;

- no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estou sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

....., de.....de 2018

Asdo.-: